
CURSO DE INICIACIÓN Á HARMONÍA TRADICIONAL E ARRANXO FOLC

DE QUÉ SE TRATA

Neste curso, tentaremos que se comprendan os principios básicos teóricos que teñen que ver ca harmonía moderna ou popular, que atopamos en diversos estilos (folk, jazz, blues, pop, etc)

Trátase de saír momentaneamente do concepto horizontal/melódico para coñecer o vertical e as normas e técnicas máis básicas para conseguir colorear melodías.

Enfocado desde o punto de partida das músicas tradicionais, observando e analizando os modos e escalas nos que foron creadas, respetando e comprendendo as fontes de orixe e adecuándose con solvencia ao arranxo.

OBXECTIVOS

Dende un nivel cero trataremos que o asistente remate o curso sendo quen de abordar o arranxo e a composición desde un punto de vista máis maduro e solvente, facilitándolle non so un mellor desenvolvemento no seu labor musical (sexa profesional ou afeccionado), se non tamén unha mellor capacidade de gozar e sentir seguridade á hora de facelo.

As referencias musicais faranse sempre dende a música tradicional e popular galega, castelá, e de tradición europea.

Farase un seguimento da evolución dos asistentes:

- 1.- Con traballos periódicos que se presentaran na aula en público, polos propios alumnos.
- 2.- Mediante a corrección de exercicios e consulta de dúbidas online cun tratamento personalizado.

A QUEN VAI DIRIXIDO

Toda persoa amante da música que teña uns coñecementos básicos de linguaxe musical e teña interese en coñecer as normas e aspectos básicos que interveñen na harmonía moderna ou tradicional.

Os asistentes serán ben recibidos independentemente do campo musical do que procedan.

PEDRO PASCUAL

Coñece varios instrumentos. Dende moi novo comeza o seu contacto ca música tradicional de Galicia descubrindo posteriormente outras , como as músicas do mundo ou o jazz.

Músico autodidacta. Porén asistiu a cursos en toda Europa con importantes músicos como Anne Niepold, Vincent Ansaldo, Julián Deborman, Stephane Milleret, Yanick Martin, Alain Pennec, Norbert Pignol, Christophe Sachettini, Jean Pierre Sarzier ou Loïg Troel.

Vencellado directamente a proxectos coma Laio, Nuke Trío (con Germán Díaz e Pablo Pascual), Talabarte (con Kin García e Quim Farinha), Marful (con Ugia Pedreira, Marcos Teira e Pablo Pascual), Ao Pe da Letra

(xunto a Guadi Galego, Narf, Xabier Díaz,...), Descarga ao Vivo (con Pablo Milanés e músicos cubanos e galegos), Opening Womex 2016, ...

Ademais de ter acompañado, tanto en gravacións como en directo, a notables solistas do panorama das músicas tradicionais como Leilía, Uxía Senlle, Xosé M. Budiño ou María Salgado traballou xunto a outros importantes músicos como: Jacky Molard, Soig Siberil, Donal Shaw, Wafir Sheik, Vartina, Tony McManus, Mercedes Peón, Pierre Invert, Mairin Fahy, Kathryn Tickell, Daniel Lapp, Javier Bergia, Kepa Junkera, Jaime Muñoz, Harry Manx, Tanya Tagaq, David Herrington, Jorge Drexler, Berrogüetto, Guadi Galego, Pablo Milanés, Najla Shami, Narf, Carmen París, ...

Actuou en teatros e auditorios por todo o Estado e nos de países coma Francia, Bélxica, Holanda, Alemaña, Portugal, Serbia, Reino Unido, Canadá, Cuba...

Realiza Composicións orixinais, bandas sonoras e spots como: Ano da Música en Pontevedra (documental), Ao Pe da Letra (espectáculo), Os homes só contan ata tres (teatro), O Barco da Memoria (documental), Trece Badaladas (programa TV), Xente con Xente (programa TV), Coa comida non se xoga -Empresa Bama- (Spot TV), Cucuducho video promocional.

Na actualidade compaxina os concertos, gravacións, publicacións, producións de discos e seu traballo compositivo ca docencia, impartindo cursos en importantes centros como: CMTF Lalín, aCentralFolque (Santiago de Compostela), Instituto Piaget (Viseu-Portugal), Universidade Popular (Vigo), ESMU Santiago de Compostela, Fingoi Lugo ... creando un método e programa específico para o estudo do acordeón diatónico en Galicia.

PROGRAMA XERAL

- Graos da escala e Intervalos.
- A armadura, ciclo de quintas.
- Medición de intervalos e definición destes.
- Escala maior, formación de tríadas, inversións.
- Familiarización co cifrado harmónico e simboloxía.
- Cuatríadas.
- Enlace harmónico.
- Melodía-composición.

- Harmonización melódica 4 voces. Block/Drop 2.
- Análise melódico.
- Relación escala-acorde.
- Funcións tonais. Cadencias.
- Os modos. Principios harmónicos na música modal, notas a evitar.
- Acorde non diatónicos.
- Dominantes secundarios.
- Substitución tritonal.
- Substitución II-V-I secundario maior e menor.
- Modo menor. Substitución sexta napolitana.
- Acorde diminuídos, emprego e relación escala-acorde.
- Acorde con baixo diferente á nota de raíz, partidos e híbridos.
- Intercambio modal.
- Adecuación dos contidos cara melodías tradicionais, modos clásicos e arcaicos.
- Audición de exemplos modais.
- Arranxo musical. Durante o curso cada alumno deberá compoñer temas da súa autoría, arranxar melodías tradicionais e facer o análise dos mesmos.